

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2018/10	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	4 de outubro de 2018
Duración	Desde as 20:44 ata as 21:39 horas
Lugar	Salón de Plenos do Concello de A Estrada
Presidida por	JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS
Secretaria	LUCÍA ARTIME ALONSO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
52470281J	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
52472017R	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
35436150G	ANA MARIA ASOREY BREA	SÍ
44827857Y	BELÉN LOUZAO VIEITES	SÍ
44843918J	EDUARDO JOSE DAVILA RODRIGUEZ	SÍ
52472456A	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS	SÍ
76866604Y	JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
52470095B	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON	SÍ
44089524L	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ
52471166R	LUIS RENDO ARAUJO	SÍ
76796340F	MANUEL FERNANDEZ CERDEIRA	SÍ
76868700D	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
35455186L	MARIA MONTESERRAT MACEIRAS VICENTE	SÍ
76871181Y	MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA	SÍ

Concello da Estrada



35440840W	MIGUEL ÓSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
52472335C	Mª DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
76859732B	NEMESIO REY PAZOS	SÍ
44091955N	ROMAN SUÁREZ PORTO	SÍ
35445066L	ROSA MARIA MENDEZ ARAGUNDE (en calidade de Interventora accidental)	SÍ
44092708Y	SILVIA NEIRA IGLESIAS	SÍ
76860863S	XOSE MAGARIÑOS MACEIRAS	SÍ
76865922Z	ÓSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Presente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 13 DE SETEMBRO DE 2018

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Dado conta do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 13 de setembro 2018, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

Expediente 3615/2018. APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2017

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria
A favor: 11, En contra: 1, Abstencións: 9

Para explicar o asunto a tratar neste punto, toma a palabra o Concelleiro delegado de Facenda, **D. Alberto Blanco Carracedo**, quen comeza dicindo que, unha vez completada a documentación da Conta Xeral do exercicio 2017, ditamidada pola Comisión Informativa de Facenda e Contas e exposta ao público durante o prazo regulamentario sen que se presentasen alegacións, procede a súa aprobación definitiva.

Pide intervir a voceira do PSdeG-PSOE, **Dna. Belén Louzao**, manifestando que esta Conta Xeral non se presenta no prazo legalmente establecido, ademais de que nela hai un orzamento maior en relación con anos anteriores pero que se executa menos, é dicir, que no

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Capítulo de Investimento execútase tan só un 36%. Polo anterior, di que o grupo de goberno municipal fala dunha cousa e executa outra distinta, considerando que non se trata dunha práctica política adecuada, xa que os Orzamentos municipais deben estar ao servizo dos/das veciños/as e, polo tanto, debería executarse coa maior dilixencia e eficacia posible en beneficio dos estradenses.

Di que non pon en dúbida que a Conta Xeral 2017 estea ben conformada e que os técnicos municipais tramitaron o expediente de xeito dilixente e eficaz, pero lamenta que a persoa responsable non dera as indicacións precisas para que se presentara no prazo legalmente establecido, ademais de lamentar tamén que a execución política que hai detrás non sexa a adecuada, xa que, unha vez máis, obsérvase fraccionamento de contratos que non acaban de corrixirse, adxudicacións que poden ser obxecto de melloras, etc.; Pero o que máis grave lle parece que, a pesar de tratarse dun orzamento xeneroso, o que se lle traslada aos cidadáns deixa moito que desexar.

Polo anterior, respectando o traballo dos técnicos municipais, di que o seu grupo político vai a absterse na votación, censurando as políticas que hai detrás do reflexado na Conta Xeral do orzamento de 2017.

Intervén a voceira de Móvete, **Dna. Mar Blanco Casais**, para trasladar que o seu grupo tamén se vai a abster na votación, por considerar que, ano tras ano, o grupo de goberno segue cometendo as mesmas irregularidades, das cales destaca a falta de información económica sobre a Fundación Cultural, así como os excesivos pagamentos efectuados a pesares dos informes con reparos emitidos pola Intervención municipal por incumprimento co establecido na Lei de Contratos do Sector Público (que este ano chegan ata 343 ás veces en que o Sr. Alcalde ten que levantar ditos reparos).

Polo tanto, di que non votará en contra da aprobación da Conta Xeral de 2017, por entender que é obrigatorio a súa aprobación, pero si se absterá na votación por observar que non se fai nada por evitar as irregularidades mencionadas e que se repiten en todos os exercicios.

Toma a palabra o voceiro do BNG, **D. Xosé Magariños**, dicindo que esta Conta Xeral demostra a realidade deste Concello, cun grupo de goberno incapaz de executar os investimentos que precisan os/as nosos/as veciños/as, sendo outras administracións as que están a quitarlle as castañas do lume, e, debido a que esta situación se repite ano tras ano sen observar que se mellore, senón que empeora, o seu grupo votará en contra.

O **Sr. Alberto Blanco**, respondendo ás intervencións anteriores, xustifica a non presentación en prazo desta Conta Xeral 2017, na falta de persoal do departamento de Intervención, aproveitando para agradecer a todos os departamentos municipais polos esforzos realizados pero, en especial, ao de Intervención polo seu traballo e dedicación.

En segundo lugar, agradece ao PSdeG-PSOE o seu recoñecemento á capacidade deste grupo de goberno para levar un Orzamento de doce millóns de euros por riba dos quince millóns, non gracias polas aportacións doutras administracións, senón polo esforzo deste Concello.

En terceiro lugar, en canto á porcentaxe de execución, admite que non se chega ao cen



por cen, pero a inversión inicial multiplicouse por dous díxitos polo executado. Continúa que non é posible executar o 100% debido, sobre todo, cando estamos implicados en inversións de carácter plurianual (por exemplo, a EDUSI), entón considera que non é razoable criticar ao grupo de goberno por este motivo.

En carto lugar, agradece o silencio sobre aspectos da Conta, como o remanente, o superávit, que se cumpran os principios de estabilidade presupostaria e regra do gasto, que se manteña a presión fiscal (entre as máis baixas de Galicia), solvencia, liquidez inmediata, etc; deixándolle claro que, tal silencio da oposición, se traduce en que a Conta Xeral do orzamento 2017 é satisfactoria.

Non habendo máis intervención, procédese á votación, adoptándose, polos votos a favor do PP (11), as abstencións do PSdeG-PSOE e MÓVETE (9) e en contra do BNG (1), o seguinte **ACORDO:**

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 24/09/2018, en relación co asunto que se trata a continuación.

Visto o informe favorable da Conta xeral do orzamento de 2017 emitido pola Comisión de Facenda e Especial de Contas o 7 de agosto de 2018.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas en sesión do 07/08/2018.

Visto que no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 156 de 14/08/2018, publicouse o anuncio de exposición pública da Conta Xeral do Orzamento de 2017.

Vista a certificación asinada con data 24/09/2018 pola Sra. Secretaria e o Sr. Alcalde, que recolle que durante o período legal de exposición pública non se presentaron alegacións ou suxestións á devandita Conta Xeral.

Vista a documentación que consta no respectivo expediente.

E, de conformidade co disposto nos artigos 208 a 212 do Texto Refundido da lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo R. Decreto Legislativo 2/2004.

ACORDAMOS:

Aprobar a Conta Xeral do Orzamento correspondente ao exercicio 2017.

Expediente 5332/2018. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA E DEPORTES EN RELACIÓN COA MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS PARA A NOMINACIÓN DE RECOÑECEMENTOS A DEPORTISTAS E CLUBES ESTRADENSES (GALA DO DEPORTE)

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Para explicar este asunto toma a palabra o Concelleiro delegado de Cultura, **D. Juan M. Constenla Carbón** (en calidade de Presidente da Comisión Informativa de Cultura e Deportes), quen di que o asunto a tratar é a modificación das Bases reguladoras para a celebración da Gala do Deporte, modificacións que afectan ás nominacións dos premiados, de xeito que non resulten favorecidos soamente os deportes maioritarios, senón tamén os



minoritarios; así mesmo, no relativo á elección do galardado do ano, esta farase dende o departamento municipal de Deportes, previa valoración da xustificación de todos aqueles deportistas que opten a dito premio; así mesmo, engádase unha modalidade nova (a mellor traxectoria) e tamén aos medios de comunicación.

Pide a palabra a **Sra. Belén Louzao** para dicir que o seu grupo político mantén a postura adoptada na Comisión Informativa.

Non habendo máis intervención, sométese o asunto a votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta do Concelleiro delegado de Deportes de data 25/09/2018, en relación co asunto que se trata a continuación.

Vistas as Bases reguladoras para a nominación de recoñecementos a deportistas e clubs estradenses, aprobadas por acordo plenario do 07/09/2017.

Vista a necesidade de actualizar ditas bases polas datas desfasadas, polas categorías dos nominados e polo proceso das nominacións.

Visto o Ditame da Comisión Informativa de Cultura e Deportes, adoptado en sesión celebrada o 27/09/2018.

ACORDAMOS:

Primeiro.- Aprobar a modificación das Bases reguladoras para a nominación de recoñecementos a deportistas e clubs estradenses, quedando redactadas do seguinte xeito:

"A Concellería de Deportes do Concello da Estrada, organiza a Gala do Deporte, que ten como propósito xuntar toda a familia deportiva e social da Estrada, e recoñecer a labor e a traxectoria no ano de referencia, tanto de clubs coma deportistas individuais, dentro da ampla oferta deportiva ca que contamos.

Ao mesmo tempo, estes recoñecementos servirán de impulso para que o tecido deportivo do noso concello, se vexa reforzado de cara a anos vindeiros e sexa visible a nivel autonómico, nacional e internacional.

Por elo, decidiuse convocar a Gala do Deporte Concello da Estrada segundo as seguintes

BASES

1. Obxecto

O obxectivo desta Gala, é impulsar e recoñecer o esforzo e a labor que levan a acabo os clubs e os deportistas individuais no Concello da Estrada.

2. Requisitos dos nominados

Poderán estar nominados:

- Todos aqueles clubs que teñan a súa razón social no Concello da Estrada e que desenvolvan a súa actividade deportiva principalmente no noso concello.

- Todos aqueles deportistas individuais que se atopen empadroados no

Concello da Estrada



Concello da Estrada, aínda que formen parte de clubs de fora do noso concello.

- Todas aquelas empresas, asociacións ou entidades privadas que patrocinen deportistas, clubs ou eventos deportivos, e realicen a súa actividade no Concello da Estrada.

3. Nominacións

As nominacións para as distintas categorías existentes faranse de dous xeitos:

1) Dende o departamento de deportes farase a proposta de 3 persoas e clubs ou asociacións deportivas candidatas posibles en cada categoría, en base os criterios de valoración.

2) Por proposta dalgún dos membros do xurado.

4. Premio

O premio constará dun recoñecemento simbólico mediante a entrega dun agasallo conmemorativo os premiados en cada unha das categorías, que son as seguintes:

- 1. Mellor deportista da Estrada (masculino e feminina).*
- 2. Mellor deportista de base da Estrada (masculino e feminina, ata 18 anos)*
- 3. Deportista revelación da Estrada.*
- 4. Mellor club/asociación/entidade deportiva da Estrada.*
- 5. Mellor club/asociación/entidade deportiva de traballo coa base da Estrada .*
- 6. Mellor entidade patrocinadora, de apoio deportivo e/ou difusión a clubs/asociacións/entidades deportivas e deportistas federados da Estrada.*
- 7. Premio a traxectoria deportiva.*

5. Criterios de valoración.

Valóranse os seguintes criterios:

- Traxectoria no ano de referencia.*
- Méritos deportivos.*
- Relevancia.*

6. Xurado.

O xurado estará composto da seguinte forma:

- Concelleiro con competencias na área de deportes coma presidente.*
- Un concelleiro do grupo de goberno coma secretario.*
- Un concelleiro de cada un dos grupos da oposición (3) como vogais.*
- O Técnico Municipal de Deportes coma vogal*

En caso de empate nas votacións do xurado, este resolverase co voto de calidade do presidente.

7. Faio e entrega do premio.

O xurado xuntarase entre o 1 e o 10 de decembro co gallo de abrir os sobres coas nominacións, determinar os tres nominados/as e despois de votar decidir o gañador/a en cada categoría.

A decisión do xurado sobre os/as tres nominados/as en cada categoría publicarase no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica do Concello de A Estrada



(<http://aestrada.sedelectronica.gal>), dándose a coñecer aos medios de comunicación e notificándose individualmente aos interesados.

Na primeira quincena de decembro, celebrarase a Gala do Deporte Concello da Estrada no Teatro Principal ás 20.00 h, na que se fará pública a resolución dos premiados en cada categoría, procedéndose á entrega dos correspondentes recoñecementos.

NOTA: Cada participante, polo mero feito de participar, acepta estas bases, así como a divulgación dos méritos a través dos medios de comunicación e redes sociais. Calquera outra circunstancia non prevista nas mesmas será resolta polo xurado e as súas decisións serán inapelables.

Todos os membros do xurado comprométense a gardar absoluta reserva e discreción sobre as nominacións presentadas."

Segundo.- Polo departamento responsable da tramitación do expediente se proceda á publicación das nomeadas Bases no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Expediente 5047/2018. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA E DEPORTES RELATIVO Á MOCIÓN DE MÓVETE PARA A DEFENSA DA CALIDADE E INDEPENDENCIA DOS MEDIOS PÚBLICOS DE COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL DE GALICIA

Desfavorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 10, En contra: 11, Abstencións: 0

Toma a palabra a voceira de MÓVETE, **Dna. Mar Blanco**, para expoñer a moción obxecto deste asunto, a cal se transcribe literalmente de seguido:

“A Corporación Radio e Televisión de Galicia está a vivir, baixo os gobernos do PP, un proceso de desmantelamento do servizo público e manipulación informativa.

Dende a aprobación polo Parlamento de Galicia da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, o seu incumprimento foi sistemático, especialmente naqueles aspectos que afondarían na independencia e calidade dos medios públicos.

En primeiro lugar, ao non desenvolver dita lei, permanece no seu cargo, dende 2009, o Director Xeral nomeado polo PP, cando debería ter sido elixido por unha ampla maioría de no Parlamento.

O persoal da CRTVG ten denunciado control e manipulación por parte do Goberno galego, amparado no feito de que non se desenvolve a obriga legal de crear un Consello de Informativos que vele pola obxectividade (artigo 36 da Lei 9/2011). Exemplo flagrante desta situación de manipulación foi a cobertura sobre a vaga de lumes de outono de 2017.

Todo este proceso prodúcese nun contexto de conflictividade laboral e redución do persoal fixo, así como a aposta pola externalización da produción, reducindo a mínimos a produción propia, con infrautilización de medios propios, e apostando pola chamada “produción propia externalizada”.

Asemade, reduciuse o orzamento da dobraxe, un elemento tan importante para a normalización lingüística, provocando unha caída do emprego no sector da dobraxe en



Galicia, que é o de máis calidade do Estado.

A respecto da lingua, o Comité Intercentros da CRTVG alerta dun “progresivo desmantelamento da promoción do galego por parte da Corporación, que se manifesta na carencia de programación divulgativa específica, e nun departamento lingüístico tan esganado que dificilmente pode asumir a supervisión da produción externa que chega ao centro emisor, ao tempo que ofrece soporte ao persoal propio”. Isto é gravísimo, nun medio que ten entre as súas obrigas fundamentais a contribución á normalización lingüística.

O control gubernamental sobre os medios públicos manifestouse cruamente este ano co anuncio da nova programación que comeza este mes de setembro de 2018, apostando a Dirección da CRTVG pola desaparición do Diario Cultural, tal e como estaba concibido, e pola supresión das desconexións territoriais, o espazo das informacións de proximidade. Deste xeito, os contidos locais pasarán a estar controlados e seleccionados dende San Marcos, cun aumento do control informativo en vésperas das municipais.

Neste escenario produciuse a dimisión dos dous presentadores do TX Serán, Tati Moyano e Alfonso Hermida, por razóns profesionais e discrepancia coa liña informativa, e a CRTVG abriu un expediente informativo á citada presentadora por, segundo a Dirección, “posible incumprimento” da norma que impide usar medios da Corporación para actos alleos, logo da participación da citada traballadora nunha gala benéfica da Asociación Española contra o cancro, na que Beatriz Moyano reivindicou as mobilizacións do persoal en defensa do carácter de servizo público da CRTVG.

Sendo os medios públicos de comunicación plurais e independentes un elemento central das sociedades democráticas, esta Corporación municipal non pode permanecer allea á situación da CRTVG.

Por todo isto, o Grupo Municipal de Móvete do Concello da Estrada, presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal os seguintes ACORDOS:

- 1. Trasladar o apoio ás mobilizacións do persoal da CRTVG en defensa duns medios de comunicación públicos de calidade e independentes.*
- 2. Trasladar á Xunta, ao Parlamento de Galicia e á CRTVG a necesidade de que se renove canto antes a Dirección da CRTVG e se cree o Consello de Informativos, tal e como dispón a Lei 9/2011 dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia.”*

O Concelleiro delegado de Cultura, **D. Juan M. Constenla Carbón**, di que se trata dun tema que se escapa da municipalidade e, tal como manifestou na previa Comisión Informativa, trátase dun asunto que se debe tratar no Parlamento de Galicia (no que están representados todos os grupos políticos e, loxicamente, os municipais tamén), así como no Consello da RTVG, xa que son estes os foros adecuados onde se debe debater e tratar o tema que contempla a moción presentada.

No que respecta á liberdade de información, cre que si a hai, ao igual que nos demais medios estatais e autonómicos fóra de Galicia.

Polo anterior, o seu grupo vai a votar en contra da moción presentada.

Toma a palabra o **Sr. Alcalde** para dicir que o seu grupo de goberno defende a imparcialidade e profesionalidade, non coincidindo coa moción de Móvete, debéndose deixar este tipo de cuestións en máis dos profesionais dos medios públicos de comunicación, non debendo os políticos interferir nestas cuestións. Polo dito, di que coincide na forma da moción de Móvete, pero non seu fondo.

Non habendo máis intervencións e



Vista a Moción presentada polo grupo político municipal de MÓVETE con data 10/09/2018 (2018-E-RCIC-4), pola que se propón Trasladar o apoio ás mobilizacións do persoal da CRTVG en defensa duns medios de comunicación públicos de calidade e independentes, así como tamén trasladar á Xunta, ao Parlamento de Galicia e á CRTVG a necesidade de que se renove canto antes a Dirección da CRTVG e se cree o Consello de Informativos, tal e como dispón a Lei 9/2011 dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia.

Visto o Ditame desfavorable da Comisión Informativa de Cultura e Deportes, adoptado en sesión celebrada o 27/09/2018.

Sométese a nomeada moción a votación, rexeitándose polos votos en contra do Partido Popular e a favor de Móvete, BNG e PSdeG-PSOE.

Antes de pasar á parte de “Xestión e Control”, o **Sr. Alcalde** di que existe un asunto, ditaminado na Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais, para levar fóra da Orde do Día desta sesión, relativo ao recoñecemento do dereito de todo o persoal municipal para o cobramento do 100% das súas retribución en caso de incapacidade temporal ou licenza por enfermidade:

FÓRA DA ORDE DO DÍA

Expediente 4939/2018. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS EN RELACIÓN CO RECOÑECIMENTO DO DEREITO DE TODO O PERSOAL MUNICIPAL PARA O COBRAMENTO DO 100% DAS SÚAS RETRIBUCIÓN EN CASO DE INCAPACIDADE TEMPORAL OU LICENZA POR ENFERMIDADE

Favorable

Urxencia: A favor: 12, Abstencións: 9, En Contra: 0
Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

O **Sr. Alcalde** xustifica a urxencia deste asunto na necesidade que o persoal funcionario e laboral dispoña deste dereito o antes posible, e tamén porque así o piden a parte sindical e a Mesa de Negociación. Polo tanto considera que é importante que os traballadores municipais poidan cobrar o 100% das súas retribucións en casos de enfermidade e baixa laboral, e darlle traslado deste dereito o máis pronto posible.

Procédese a votar a urxencia deste asunto para ser tratado fóra da Orde desta sesión, sendo aprobada por unanimidade.

A continuación, o **Sr. Alcalde** presenta a proposta a tratar, consistente en recoñecer o dereito a todo o persoal do Concello da Estrada que se atope en situación de incapacidade temporal ou licenza por enfermidade a percibir, dende o primeiro día, o cen por cen das súas retribucións fixas; proposta que xa foi ditaminada favorablemente pola correspondente Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais.

Concello da Estrada



Non habendo intervencións, procédese á votación adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta do Concelleiro delegado de Persoal de data 04/09/2018, en relación co asunto que se trata a continuación.

Visto o apartado Quinto da Resolución de 22 de marzo de 2018 da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se publica o II Acordo Goberno - Sindicatos para a mellora do emprego público e as condicións de traballo, no que se indica que *“cada Administración Pública poderá determinar, previa negociación colectiva, as retribucións que vaia a percibir o seu persoal en situación de incapacidade temporal, mediante o establecemento dun complemento retributivo que, sumado á prestación do Réxime Xeral da Seguridade Social ou dos seus réximes especiais de funcionarios públicos, civís e militares, alcance ata un máximo do cen por cen das súas retribucións fixas previas ao inicio da incapacidade temporal (...)”*.

Visto que a Disposición adicional quincuaxésima cuarta da Lei 6/2018, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018 dispón que *“cada Administración Pública poderá determinar, previa negociación colectiva, as retribucións a percibir polo persoal ao seu servizo ou ao dos organismos e entidades públicas dependentes, en situación de incapacidade temporal e no seu caso do persoal funcionario ao que se lle expedira licenza por enfermidade (...)”*.

Visto o informe de Secretaría de data 26 de setembro de 2018

Visto o informe de Intervención de data 1 de outubro de 2018

Visto o Ditame favorable da Comisión de Organización, Persoal e Asuntos Xerais, adoptado na sesión celebrada o 04/10/2018.

ACORDAMOS:

Recoñecer o dereito a todo o persoal do Concello da Estrada que se atope en situación de incapacidade temporal ou licenza por enfermidade a percibir, dende o primeiro día, o cen por cen das súas retribucións fixas.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 3 E O 28 DE SETEMBRO DE 2018

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 3 e 28 de setembro de 2018 (ambos os dous incluídos), que van dende o número 2018-1028 ao número 2018-1140 (incluídos os dous).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

C) ROGOS E PREGUNTAS

Concello da Estrada



Inicia a quenda de rogos e preguntas, o voceiro de BNG, **D. Xosé Magariños**, para pedir, en primeiro lugar, que se proceda a limpar a carballeira, por estar nun estado lamentable, ao mesmo tempo que se fagan labores de vixilancia para evitar o uso non cívico da mesma.

Pide tamén que se repoñan as plantas nos maceteiros sitios na rúa principal e adxacentes, así que se reguen con frecuencia para que non sequen.

Roga que sexa mellorado o funcionamento da Sede Electrónica deste Concello, xa que en vez de mellorar o acceso cada vez se empeora máis.

Por último, di que o censo municipal está en perigo de caer por debaixo dos 20.000 habitantes, polo que pregunta se o grupo de goberno é coñecedor desta noticia e se está traballando en facer algunha campaña para fomentar el empadramento e evitar esta caída.

Resposta a esta última pregunta o **Sr. Alcalde** dicindo que aínda non hai datos do Padrón actualizados por Estatística, traballando aínda cos do ano anterior (sobre vinte mil setecentos e pico habitantes), sen embargo é unha tendencia xeneralizada, existindo unha media de trescentas defuncións sobre cento cincuenta nacementos, polo que hai que intentar tomar as medidas oportunas para frear este descenso de poboación. Entende que as campañas de sensibilización poder ter algún efectos e que se pode facer algunha, pero cre que hai que apostar por medidas claras de apoio á familia (exemplo é o Espazo Concilia e a nova Escola Infantil) e, deste xeito, que as familias valoren a posibilidade de ter máis fillos ao contar coas axudas necesarias para a conciliación familiar. Considera que neste concello se están a poñer en práctica diversas medidas de conciliación e espera que teñan algún resultado.

O **Sr. Magariños** di que é importante poñer en práctica medidas sociais e tamén económicas, xa que se non hai salarios a posibilidade de ter fillos é nula.

(ABANDONA A SESIÓN O SR. XOSÉ MAGARIÑOS, SENDO AS 21:10 HORAS, APROXIMADAMENTE).

Toma a palabra a voceira do PSdeG-PSOE, **Dña. Belén Louzao**, para preguntar, en primeiro lugar, sobre a situación na que se atopa a solicitude feita no Pleno anterior por uns veciños de San Miguel de Barcala en relación cun deslinde nun monte de San Xurxo.

O **Sr. Alcalde** lle lembra que nesa sesión comentara que estaba pendente de que se incorporara ao traballo o Perito Técnico Agrícola municipal para retomar este asunto, xa que el é o coñecedor desta problemática e que afecta a Sta. Mariña de Barcala. Avanza que no departamento municipal de Rural tense claro que o deslinde é conforme co establecido polo Instituto Cartográfico Nacional e que na parte de Trasande os veciños poden aportar documentación que establece un deslinde diferente, pero, como dixo, o Técnico incorporarse ao seu posto o vindeiro luns, e partir desta data chamará os veciños para ter unha reunión e empezar a recabar a documentación necesaria para iniciar o expediente de deslinde.

A **Sra. Belén Louzao** espera que se inicie o expediente o máis pronto posible e se lle dea unha resposta aos veciños, os cales están agardando unha solución.

Pregunta sobre a situación que están a vivir os veciños de Trabadela sobre a problemática existente no lugar a causa do refuxio de cans ubicada no dito lugar, é dicir, se este goza de licenza urbanística para o exercicio de actividade ou se se abriu expediente; di que, dende o departamento do Rural, se lle informou que está aberto un procedemento, pero quere que conste no Pleno a explicación sobre o



momento no que se atopa a tramitación.

Lle responde o Concelleiro **D. Juan M. Constenla Carbón**, que se comprobou que o nomeado refuxio non ten licenza urbanística municipal de obra nin para o exercicio da actividade, así mesmo recabouse información sobre o anuncio que ten nas redes sociais a dita canceira, e con toda esta documentación e antecedentes se está a elaborar un informe para instar á Consellería da Xunta de Galicia para que tome as medidas oportunas, sobre todo, tendo en conta que se trata dunha actividade sen licenza e que está recibir donativos económicos. Polo dito, transmítelle á Sra. Louzao que tan pronto estea redactado o informe se lle facilitará unha copia do mesmo.

A **Sra. Belén Louzao** espera que, sen demora, se realicen as actuacións oportunas, xa que se trata dunha preocupación social importante, considerando que se poden emprender accións de oficio e cautelares para evitar que se volva a repetir ataques por parte dos cans aos/ás veciños/as e outros danos maiores.

Continúa dicindo que é coñecedora, gracias aos medios de comunicación, da existencia dun documental sobre o sector económico do noso concello, e que está a vivir un momento preocupante, preguntando que nivel de participación tivo o Concello neste vídeo.

O **Sr. Alcalde** lle responde que é unha iniciativa dunha produtora que está a facer estes documentais en varios concellos galegos, habendo sido invitado ao acto de presentación do documental, xunto cos presidentes da ACE e ACOE; e, nesta reunión, a produtora lle pediu apoio económico e organizativo, sen embargo non houbo ningunha axuda económica, tan só se prestou colaboración para contactar con empresas estradenses e para dar unha imaxe de fortaleza do sector empresarial do noso municipio. En definitiva, di que está contento con esta iniciativa e de colaborar dalgún xeito coa súa divulgación.

Pregunta a **Sra. Louzao** en que consistiu o apoio organizativo.

Resposta o **Sr. Alcalde** que foi, principalmente, na cesión do Teatro Principal, na distribución dos carteis, etc., é dicir, colaboración na organización, pero, en ningún caso, dende o Concello se contactou coas empresas, tan só se lle deu á produtora información sobre as empresas existentes no noso concello.

A **Sra. Louzao** lembra que nunha anterior sesión plenaria solicitábase que se arranxaran as escaleiras da Feira do Moble, sen embargo, en lugar de arranxalas e mellorar a seguridade, se retiraron e se tapou o oco con terra, polo que pide que se repoñan, pero de xeito adecuado e garantindo o acceso aos pavillóns, considerando que hai espazo bastante para facer una rampla de acceso para persoas con discapacidade.

Pregunta tamén cales foron os criterios seguidos para decidir a ubicación dos novos contedores de lixo, porque observa que nalgunha rúa ocupan o 90% do carril e noutras dificultan o paso, observando que se colocaron en lugares pouco axeitados; non sabe se esta ubicación é provisional á espera do informe da Policía Local, ou non; así mesmo, considera que non é axeitado que se coloquen dous contedores diante do Centro de Saúde, no espazo acordado para que as ambulancias deixen aos pacientes.

O **Sr. Alcalde** informa que aínda non se rematou a colocación dos novos contedores, sendo varios os criterios a seguir, así, teñen que estar colocados á marxe dereita da circulación (por causa da carga lateral dos camións de recollida); debido ás dimensións do camiión de recollida de carga lateral, polo que en

determinadas rúas, se hai vehículos aparcados en ambas marxes, o camiión non pasaría, sendo este un condicionante importe á hora de ubicar os contedores; no que respecta aos colocados no Centro de Saúde, informa que non é o seu sitio definitivo, estando a estudarse o lugar idóneo para colocalo sen ter que eliminar prazas de aparcamento, polo que se considera poñelos preto da cabina telefónica (ao carón das escaleiras de acceso ao ambulatorio).

Por outra banda, estes contedores son de maior capacidade que os anteriores, polo que se substitúen tres contedores dos de antes por cada un dos novos, así que tamén a súa ubicación ten que poñerse en puntos céntricos e accesibles; e, por último, outro criterio que se segue é que se sacrifique o menor número de prazas de aparcamento posible.

Di o Sr. Alcalde que están a recibir chamadas de veciños sobre a colocación dos contedores e, atendendo ás súas peticións e prioridades, se recolocarán dentro da medida do posible.

Tamén informa que o nivel de ocupación vai a ser maior cando se recolouen os contedores de recollida de papel, cartón, plásticos e vidro, polo que hai que estudar moi ben este asunto, e se irá solucionando os problemas a medida que xurdan e causando o menor prexuízo posible.

A **Sra. Belén Louzao** di que o problema de espazo para a colocación dos contedores se solucionaría se se procedera á humanización das rúas que o grupo de goberno prometeu no seu día.

Por outra banda, con respecto ao criterio de localos ao lado dereito da rúa, lle informa que na Avda Fernando Conde (preto das Colonias) hai un ubicado á marxe esquerda.

Continúa pedindo que miren a Prolongación da Rúa Castelao (Doutor Varela), porque no cruce, onde está o semáforo, hai varios contedores xuntos, ocupando demasiado espazo e xusto na parada do semáforo, dificultando a boa circulación.

Para rematar a súa intervención, prega que se convoque unha Comisión Informativa de Promoción Económica co gallo de analizar os resultados obtidos da celebración da Feira do Moble, xa que entende que, a pesares de que se fixeron cambios na mesma, aínda é necesarios facer máis melloras, considerando necesario que se convoquen ás asociacións de empresarios para que formulen proposta a este respecto.

Toma a palabra a voceira de Móvete, **Dna. Mar Blanco**, para trasladar, en primeiro lugar, unha solicitude dos veciños de San Martiño, da parroquia de Barbude, para que se lles coloque unha parada de autobús para os alumnos de secundaria, algo que xa o propio centro de ensino e ás ANPAS solicitaron no ano 2012 á Consellería, pero sen resultado algún, así que esperan que dende o Concello se medie coa Xunta para a súa consecución.

Prega que sexa arranxada unha pista en San Martiño-Barbude.

Expón as deficiencias existentes na Avda de Santiago, sobre todo no tramo que vai dende a rotonda do Invictus a Figueroa, e que provocan inseguridade vial, polo que é necesario que se coloquen espellos, se pinten de novo os pasos de peóns e se poñan sinais de límite de velocidade. Tamén, os veciños da Avda de Santiago piden que se fagan melloras no parque infantil, bastante frecuentado e que na actualidade está en estado de abandono.

O **Sr. Alcalde** lle lembra que ese parque infantil o fixo o seu grupo de goberno.

A **Sra. Mar Blanco** lle di que, xa que o fixo o grupo de goberno, pois que se preocupe do seu mantemento.

Continuando, di que os veciños da nomeada avenida reclaman a limpeza



viaria, solicitude que quere estender a todas as rúas do casco urbano, así como emprender actuacións en relación coa existencia de excrementos dos cans nas beirarrúas.

Pide, tamén, que se eliminen as silvas existentes nun solar que hai no antigo tramo da rúa Justo Martínez.

Di que é sabedora que o Concello non está a colaborar cos voluntarios que fan os traballos de erradicación das especies invasoras na ribeira do río Ulla, traballos que cre que se rematarán o vindeiro sábado, considerando que non estaría de máis que se lle prestara a axuda necesaria dende o Concello.

Lembra novamente a necesidade de limpar os cortalumes do Monte Cábado.

Pregunta se hai algunha razón que motive a non colocación de contedores na ponte de Pontevea, xa fai 18 meses que se adquiriu o compromiso para a súa colocación e aínda non se colocaron.

Formula tamén a pregunta sobre se era necesario que o Alcalde e o Tenente de Alcalde fixeran a viaxe a Venezia, e se cando veñan os mozos italianos tamén virán acompañados de autoridades venecianas.

A este última pregunta, o **Sr. Alcalde** lle responde que dita viaxe foi pagada por eles mesmos e, polo tanto, non correu a cargo das arcas municipais, á diferenza doutros Concellos en que foron técnicos con viaxes pagados polos seus respectivos organismos.

Aproveita para informar que se tratou dunha viaxe de intercambio cultural moi produtiva, onde se xuntaron 40 mozos/as de diferentes concellos e onde se entablaron relacións con outros países de Europa e da que saíron interesantes iniciativas para o coñecemento da filosofía e valores das diferentes culturas europeas.

Así mesmo, informa que os/as mozos/as italianos/as virán a finais do mes de outubro, sendo responsabilidade do noso Concello o buscarlles aloxamento e darlles unha pensión non superior a 10 € por día. Di, así mesmo, que estes mozos e mozas se repartirán entre os concellos participantes, facéndose un encontro en Santiago de Compostela.

No que respecta á parada de autobús en San Martiño-Barbude, existe o problema de que estas peticións en materia de educación están bastante tasadas, dependendo das rutas do transporte escolar e dos requisitos establecidos pola correspondente lexislación, sen embargo vaise a poñer en contacto co Xefe Territorial da Consellería de Educación para intentar conseguir esta parada, pero non promete nada, xa que noutras ocasións xa se fixeron trámites sen o resultado desexado, porque neste aspecto á Consellería é moi estrita.

Finalmente, en cumprimento do Regulamento municipal de Participación Cidadán, o Sr. Alcalde pregunta se hai algunha intervención polo público asistente, e non habendo ningunha, procede a levar a sesión, sendo as vinte e unha horas trinta e nove minutos.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233